

A función das artes en educación e o potencial educativo dos espazos. Proxecto de transformación dun patio escolar



Fotografía. Intervención no MACBA durante a exposición "Especies de espacios" (2015). Elaboración propia.

Alumna: Pérez Marínez, Irene

Curso 2016/17 - Oportunidade de xullo

Titira: Trigo Martínez, Cristina

A función das artes en educación e o potencial educativo dos espazos.

Proxecto de transformación dun patio escolar.

La función de las artes en educación y el potencial educativo de los espacios. Proyecto de transformación de un patio escolar.

The role of creative arts and educational potential of the spaces. Project of a playground transformation.

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	4
2. XUSTIFICACIÓN.....	4
3. MARCO TEÓRICO.....	8
3.1. Modelos de Educación Artística en España	8
3.2. Función da Educación Artística.....	10
3.2.1. Por que ensinar Educación Artística?	10
3.2.2. A importancia do imaxinario.	12
4. ANÁLISE DA MIÑA PROPIA EXPERIENCIA	13
5. EXPERIENCIAS DE REFERENCIA	18
5.1. A cidade dos nenos	19
5.2. Cartografiem-nos	20
6. PROPOSTA	22
6.1. Xustificación da proposta	22
6.1.1. A importancia do espazo como axente educador	22
6.1.2. A pedagogía comunitaria e a arte participativa	23
6.1.3. A arte, ponte de unión nos proxectos entre persoas.....	24
6.1.4. O patio escolar	25
6.2. Caracterización do centro.	28
6.3. O proxecto do patio.....	29
6.3.1. Fases para transformar un espazo en comunidade.	30
6.3.2. Suxestións de intervencións no espazo.....	31
6.3.3. Obxectivos	36
7. CONCLUSIONES	37
8. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS Y WEBGRAFÍA.....	39

Resumo:

O presente Traballo Fin de Grao resalta a necesidade da educación artística na procura dunha aprendizaxe máis global no alumnado e trata de salientar a importante función das artes como punto de unión nos proxectos entre persoas.

A través dunha análise sobre o potencial educativo dos espazos e collendo como referencias os proxectos: “*A cidade dos nenos*” do psicopedagogo Francesco Tonucci e “*Cartografiem-nos*” levado a cabo no museo Es Baluard, en Palma de Mallorca, buscase facer unha proposta educativa innovadora que responda ás demandas actuais da educación.

Finalmente, a proposta que se expón neste traballo é un proxecto de transformación do espazo de forma colaborativa e mediante a educación artística. Pensada para o patio escolar do colexio Amor Ruibal en Barro, Pontevedra.

Palabras clave: educación artística, patio escolar, experiencia, xogo e pedagogía crítica.

Resumen:

El presente Trabajo Fin de Grado resalta la necesidad de la educación artística en la búsqueda de un aprendizaje más global en el alumnado y trata de destacar la importante función de las artes como punto de unión en los proyectos entre personas.

A través de un análisis sobre el potencial educativo de los espacios y cogiendo como referencias los proyectos: “*A cidade dos nenos*” del psicopedagogo Francesco Tonucci y “*Cartografiem-nos*” llevado a cabo en el museo Es Baluard, en Palma de Mallorca, se busca hacer una propuesta educativa innovadora que responda a las demandas actuales de la educación.

Finalmente, la propuesta que se expone en este trabajo es un proyecto de transformación del espacio de forma colaborativa y mediante la educación artística. Pensada para el patio escolar del colegio Amor Ruibal en Barro, Pontevedra.

Palabras clave: educación artística, patio escolar, experiencia, juego y pedagogía crítica.

Abstract:

The present dissertation pretends to highlight the importance of the artistic education as a way to assure the students' learning with a global character. In addition, it aims to illustrate the key role of arts as a connection between people projects.

Through the analysis of the educational potential of the spaces and taking into account the research projects "*A cidade dos nenos*" by the educational psychologist Francesco Tonucci and "*Cartografiem-nos*" carried out at the Es Baluard museum, in Palma de Mallorca, an innovative educational proposal will be suggested in order to fulfil the current needs in education.

Finally, the already mentioned proposal acts as a project to transform the space in a collaborative way through the artistic education. This was conceived to be applied in the in the playground of the school Amor Ruibal, located in Barro, Pontevedra.

Key words: artistic education, playground, experience, game and critical pedagogy.

1. INTRODUCCIÓN

Unha das primeiras preguntas que se nós expón ós estudantes de maxisterio cando ingresamos nesta carreira é que calidades creemos que debe ter un bo mestre. Despois de catro anos, agora que sei o tipo de mestra que quero ser a pregunta que me fago é a seguinte: ¿Cómo podo conseguir ser esa mestra? ¿Cómo vou poder ensinar ós meus futuros alumnos a pensar en lugar de qué pensar? Estas cuestións son a orixe do meu traballo de fin de grado. "Decir que los hombres son personas, y como personas son libres, y no hacer nada para lograr concretamente que esta afirmación sea objetiva, es una farsa." (Freire, 2008, p.44)

Collendo como punto de partida e de reflexión unha proposta levada a cabo durante un practicum, tratarei de analizar a miña experiencia, entendendo **experiencia** no sentido que expón Michel Foucault (2010) como o que transforma aquilo que somos e que nos impide manter o mesmo tipo de relacións con nós mesmos e cos demais para reflexionar sobre os erros e as carencias que puiden identificar, repensar a práctica dende a propia práctica e utilizar aquilo que saíu mal como aprendizaxe para a proposta de mellora do patio escolar do centro que expoño máis adiante.

O seguinte paso levado a cabo para este traballo foi unha investigación en busca daqueles autores que daban resposta as miñas inquiredanzas para unha vez lidos os seus traballos elaborar unha proposta educativa innovadora que cubra todos aqueles aspectos que quedaban por mellorar e onde introducir o aprendido durante este complexo proceso de documentación.

Para elo foi necesario facer unha clasificación dos modelos educativos que foron xurdindo na Educación Artística ata a actualidade, para poder comprender as prácticas e demandas actuais e poder deseñar unha proposta educativa coherente co que necesitan os nenos e as nenas.

Finalmente, escollo como proposta para o proxecto a transformación do patio escolar porque penso que os espazos exteriores a miúdo son lugares esquecidos na escola, que en realidade teñen un gran potencial educativo e que nos proporcionan un grande abano de posibilidades á hora de traballar con eles.

2. XUSTIFICACIÓN

Escollo a educación artística como base para a miña proposta pois tendo en conta aquilo que dixera Freud de que a función da arte aparece como reconstrución na sociedade cando

estamos en perigo de derrube, creo que neste momento en que a educación pública galega está a sufrir tantos recortes consecuencia das políticas neocon que se están a levar a cabo nos últimos anos é necesario deterse a pensar nas consecuencias que isto está a traer e traerá consigo e repensar o noso papel nesta situación, cuestionándonos que é o que queremos cambiar e que é o que podemos cambiar.

Mariló Candedo Gunturiz (2013), pedagoga e presidenta da Nova Escola Galega, advirtenos de que se está a dar “[...] unha mudanza estrutural no ámbito da educación, poñendo en perigo os dereitos no ámbito e as aspiracións da cidadanía nun horizonte de maior xustiza social” (p.7), a LOMCE non é máis que a cara visible e a consecuencia dun “disimulado” traballo que se veu facendo con anterioridade para poder defender dalgún modo a introdución desta nova lei, aproveitando un estado de alarma social para a aceptación de medidas excepcionais.

Coa nova lei LOMCE a educación artística deixa de ser unha boa ferramenta para poder entender o mundo e as diferentes perspectivas e narrativas que nel se atopan e pasa a ser unha das consideradas “materias que distraen”, non avaliadas no informe PISA e polo tanto unha materia de segunda categoría. (Hernández, 2016)

Con este traballo fago unha clasificación dos tres modelos máis representativos da educación artística dende o s. XX ata a actualidade para poder entender os cambios que foi sufrindo e tratarei de resaltar a súa necesidade e importancia na procura dunha educación máis completa e de mellor calidade para o alumnado.

Penso que nós, como futuros docentes temos o deber de mellorar a educación e para iso é necesario indagar e investigar, introducir novos métodos e melloras ante aquilo que quedou en desuso ou que xa non funciona, ofrecer ideas, propoñer cambios e traballar conxuntamente entre todos para devolverlle a educación ó lugar que lle pertence. Non se trata de ir en contra da corrente só por ir, nin de desbaratar a estrutura total, trátase de ser capaz de recoñecer o que está mal feito, o que se pode mellorar e construír sobre o construído, utilizando o bo que temos como base para a creación dun futuro mellor.

“[...] Es un error rechazar la investigación como irrelevante para la práctica. Sin embargo, también es un error considerar que puede proporcionar directrices específicas para la práctica. La principal contribución de la investigación no reside en su capacidad de ofrecer directrices sino en su capacidad de ofrecer perspectivas, modos de observar los fenómenos educativos y formas de plantear nuevas cuestiones. (...) Ver los problemas desde un nuevo ángulo, explorar nuevas cuestiones y considerar nuevas posibilidades. (Eisner, 1995, p.235)

Considero que a mellor forma de ensinar ós nosos futuros alumnos e alumnas é **educándoos en valores**, máis importante que saiban uns contidos determinados é que sexan boas persoas. É necesario que entendan o porque das cousas; que se preocupen polos seus compañeiros e que saiban ser empáticos; que sexan respectuosos; que se interesen polo que están estudando e que queiran saber máis acerca do mundo que os rodea; que queiran compartir as súas emocións e os seus coñecementos; que investiguen e que queiran saber sempre máis; que lles apeteza mostrarnos o seu mundo, o que lles gusta, compartir as dúbidas que lles xorden, etc.

Debemos procurar desenvolver o seu **pensamento crítico, creativo e ético** xa que será así como poderán ser a mellor versión de si mesmos, persoas felices, que queiran facer felices ó resto e que se preocupen polas cousas. Educando ós rapaces do presente poderemos mellorar a cidadanía do futuro.

- Cómo conseguir implicación e interese por parte do alumnado?

Pois ben o debate e a reflexión serán sen dúbida uns dos nosos aliados nesta tarefa. Debemos crear contextos e facerlles preguntas que os leven á reflexión para que sexan eles mesmos despois os que acaben facendo as súas propias preguntas. É un proxecto no que todos imos aprender de todos, nós os primeiros. É necesario tamén para elo desenvolver unha **pedagogía da pregunta**, pois a miúdo estamos escoitando unha pedagogía da resposta na que os mestres contestan a preguntas que o alumnado non lle fixo. (Freire, 2008).

Temos tamén que escoitar **os intereses do neno**. Dar voz as súas ideas. Dar peso ós seus proxectos. “Hai que darlles aos nenos un papel protagonista, darlles a palabra, permitirllas que expresen as súas opinións e poñérmonos, os adultos, en disposición de escoitar, de querer entender e de ter a vontade de considerar o que os cativos din.” (Tonucci, 2014, p.81)

A educación debería estar repleta de oportunidades e misterios ante os que asombrarse e fascinarse, debería ser unha aventura continua na que a motivación e implicación dos cativos xogase o papel protagonista. É necesario aproveitar a contorna, os seus intereses persoais e todo aquilo que estea ao noso alcance para captar a súa atención. A educación debe tratar de ser real e significativa para o nenos e as nenas. **“Nada sen alegría”**, esta é a frase célebre que o pedagogo italiano Loris Magaluzzi empregou para comunicar que na aprendizaxe o neno debe estar envolto nun ambiente de felicidade; para aprender débese querer aprender, debe haber goce, desexo, vontade e moita emoción e de novo aquí, a educación artística proporciónanos ferramentas moi útiles para este propósito.

Magaluzzi foi o iniciador da metodoloxía educativa das escolas Reggio Emilia, dedicando toda a súa vida á construción dunha experiencia educativa na cal se escoitasen, respectasen e considerasen as potencialidades dos nenos e nenas. Reformulouse o método educativo establecido porque para el empobrecía ós cativos, xa que considera que é un método que subestima ós rapaces e non os deixa expresarse, nin experimentar, nin aprender por si mesmos. Na súa obra *Los cien lenguajes del niño* critica un sistema educativo baseado case exclusivamente no oral e nos textos escritos e reclama o taller e a acción, onde a arte ofrece a oportunidade de expresarse coas súas cen linguaxes ó alumnado.

Por outra banda penso tamén que a mellor maneira de traballar os contidos na escola é dunha forma integral, **sen facer ningunha xerarquía entre as distintas materias**: filosofía, historia, lingua, arte, matemáticas...

"[...] Una sola materia: la realidad, enfocada desde todos los puntos de vista, empezando desde la realidad cercana, la comunidad escolar, el estar juntos, el modo de estar y de trabajar juntos. En una escuela de este tipo el niño ya no está como 'consumidor' de cultura y de valores, sino como creador y productor, de valores y de cultura." (Rodari, 2010, p.165)

Estas son algunhas das razóns polas que para min, nos colexios deberíase de traballar por proxectos que partan dos intereses dos nenos e das nenas e non delegar a organización e a orde dos contidos só ós libros de texto, e con isto non digo que os libros de textos sexan malas ferramentas ou que non se deban empregar, senón que se debería de graduar o seu uso. Entendelas como un complemento máis para o aprendizaxe e non como o único complemento xa que os libros de texto a miúdo soen estar organizados loxicamente, cun índice xeral e unha sucesión de lecturas en vez de seguir unha orde psicolóxica no sentido en que se desenrolan os intereses e as emocións dos cativos.

"No son algo con lo que los niños disfruten y se diviertan como leyendo un cuento o viendo un cuadro, son un mero resumen de contenidos formales que muchas veces les resulta monótono y agobiante y que se espera que aprendan sin tener en cuenta su opinión al respecto" (Lipman, Sharp and Oscayan, 1992, p.41)

Debemos ser capaces de empregar dunha forma coherente as diversas ferramentas que temos ó noso alcance e integrar todas as materias na aula á vez para conseguir unha aprendizaxe real e significativa do alumnado e o mellor método que temos para alcanzar este obxectivo sen dúbida é o **traballo por proxectos**.

O traballo por proxectos segundo Hernández (1986) é:

“Unha forma de organizar a actividade de aprendizaxe-ensino na clase, que implica asumir que os coñecementos escolares non se artillan para a súa comprensión dunha forma ríxida, en función dunhas referencias disciplinarias preestablecidas, e dunha homoxeneización das persoas e a didáctica das disciplinas. Por iso, a función do proxecto de traballo é a de crear estratexias de organización dos coñecementos baseándose no tratamento da información e no establecemento de relacións entre os feitos, conceptos e procedementos que facilitan a adquisición dos coñecementos”.
Citado en (Arias Correa et al., 2009, p.15-16)

Para finalizar outro punto que creo que se debe ter en conta é que a educación debe ser **igualitaria**, debe aceptar a todos por igual, independentemente do seu xénero, orientación social, etnia, poder adquisitivo, nivel cultural etc e a única forma de conseguir que isto sexa así e traballándoo dende pequenos e téndoo presente á hora de deseñar os proxectos na aula.

Nos colexios, polo que puiden ver durante os practicums, o agarimo e o afecto son un dos recursos máis efectivos. Penso que é necesario ter paciencia e dotar aos nosos alumnos de **confianza** en si mesmos para que poidan conseguir as súas metas. Sempre respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe e mostrándose próximos para que teñan a confianza de acudir a ti cando o necesiten. A educación artística que terá un apartado específico neste traballo penso que é un bo camiño para proporcionarlles ós nenos este **empoderamento** do que falo e como expón o poeta Antonio Machado (1970), en cuestións de cultura e coñecemento, só se perde o que se garda e só se gaña o que se da, e para que os rapaces e rapazas nos dean é imprescindible que teñan confianza tanto en nós coma neles mesmos.

3. MARCO TEÓRICO

3.1. Modelos de Educación Artística en España

Podemos diferenciar tres etapas claras na educación visual e plástica que se corresponden cos tres modelos formativos propostos por Imanol Aguirre (2006) no seu texto *Modelos formativos en educación artística: Imaginando nuevas presencias para las artes en la educación*.

- Modelo logocentrista

Céntrase no obxecto artístico e na súa instrución. O seu máximo desenrolo considérase que foi en Europa nos séculos XVII e XVIII.

O principal obxectivo que persegue este modelo de educación artística é proporcionar ós individuos ferramentas e coñecementos precisos para coñecer e producir obras que se asemellen ó ideal estético clásico. É o mestre o que xulga si a obra vale ou non tendo en conta as normas, a estética, o procedemento e o uso correcto das ferramentas.

Os principais métodos que se empregan son a copia e a imitación para reproducir o modelo orixinal e utilízase normalmente unha secuencia de tipo acumulativo que vai do fácil ó difícil, do rigor á liberdade ou da síntese ó análise. (Aguirre, 2006).

A administración educativa nomea a esta materia ata o 1971 como “traballos manuais e debuxo”.

- Modelo expresionista

Despois da Lei Xeral de Educación de 1971, a materia pasa a chamarse “expresión plástica”.

O desenrolo máis pleno deste movemento foi despois da Segunda Guerra Mundial, coincidindo cos últimos rastros da Ilustración e do Romanticismo e actualmente é o modelo máis estendido nas propostas de educación artística das etapas iniciais.

Este novo modelo de educación artística pasa de centrarse no obxecto a centrarse no artista como suxeito creador e no poder da arte coma manifestación do noso ser interior. As obras non deben ter un mensaxe racional, senón que son unha expresión de emocións, sentimentos e vivencia que experimenta o autor.

Adquiren importancia conceptos como a “expresión persoal espontánea” ou a “creatividade” e non existe a norma, nin é posible avaliar. Créese na idea de que non é mellor a arte de aquel que ten máis coñecementos académicos, senón o de aquel que máis o sinte.

Neste modelo os nenos e as nenas de menores idades representan a autenticidade, o xenio creativo e a autoexpresión.

- Modelo filolingüístico

Este modelo empeza a cobrar vida a partir dos 90, cando a Lei de Ordenación Xeral do Sistema Educativo de 1990 (LOXSE) incorpora os cambios socioculturais propios da nova sociedade da información, tendo en conta a relevancia que acadou o uso das imaxes e o impacto que estas teñen na sociedade. Esta lei tamén é a primeira en poñer a área artística ó nivel do resto das materias no currículo.

Empézase a entender a educación artística como un medio de comunicación, como outra forma de linguaxe e non como obxecto artístico ou suxeito creador. Nace a necesidade dunha alfabetización visual e céntrase a acción educativa no feito comunicativo.

Neste modelo adquire unha gran importancia e interese o desenrolo da percepción, da observación, do análise e da interpretación. Inténtase ensinar ó alumnado certas claves para poder “descodificar a imaxe” e para iso Aguirre (2006) propón catro competencias clave a ter en conta:

- Habilidade do ver - observar.
- Habilidade da lectura para descodificar as imaxes e os mensaxes visuais.
- Habilidade de escritura - produción de imaxes ou mensaxes visuais.
- Habilidade para emitir mensaxes con e sobre imaxes.

3.2. Función da Educación Artística

3.2.1. Por que ensinar Educación Artística?

A reiterada necesidade de xustificar a presenza do arte na escola, indícanos a gran fragilidade das disciplinas artísticas non só no mundo escolar, senón sobre todo na sociedade. O lugar que ocupan as artes no imaxinario colectivo non son as de un ben rendible, a pesar, de que son numerosas as capacidades que se desenvolven grazas a elas e de que a competencia cultural e artística é unha das competencias básicas que debe desenvolver e adquirir o alumnado.

Howard Gardner (1995) xa criticaba na súa teoría das intelixencias múltiples o pedestal pedagógico que ocupan algunhas competencias sobre outras na educación. “Concentrarse de forma exclusiva en las capacidades lingüísticas y lógicas durante la escolaridad formal puede suponer una estafa para los individuos que tienen capacidad en otras inteligencias”. (p.47)

O profesor de arte Elliot W. Eisner tamén se preocupou moito por este tema e foi o pioneiro en esixir que a educación artística se tratase como calquera outra disciplina e de expoñer que a educación en xeral debía ser vista dende un punto de vista artístico. É unha das figuras máis influentes na concepción actual da Educación Artística.

Eisner (2004) no seu libro *El arte y la creación de la mente* dedica un capítulo ás diferentes achegas que a educación pode aprender das artes; coma por exemplo: que un mesmo problema pode ter múltiples solucións e todas elas igual de válidas ou que debe existir flexibilidade no propósito que esperamos conseguir co noso traballo.

“La inteligencia de la que hablo es la capacidad de cambiar de dirección, incluso de redefinir los objetivos cuando surgen mejores opciones durante el desarrollo de una obra. En muchos sentidos esta capacidad de tratar los objetivos de una manera flexible y temporal es ajena a la concepción dominante de la racionalidad”. (p.106)

A educación artística tamén facilita a adquisición de capacidades específicas que producen importantes beneficios no alumnado como poden ser a:

- Imaxinación

Segundo Eisner (2004) se só puidésemos utilizar as imaxes que xa experimentamos, sería moi difícil que a nosa cultura avanzase. A imaxinación permite ver as cousas diferentes a como son, recombinar os coñecementos previos dos que dispoñemos para xerar novas imaxes, e polo tanto, novos significados ou conceptos. Esta capacidade é especialmente importante no ámbito científico pois a formulación dunha hipótese non leva unha única maneira de abordar o tema, senón en pensar maneiras diferentes de abordalo.

- Percepción e sensibilidade

A educación artística mellora o desenvolvemento dos sentidos, especialmente o sentido da vista, refinando e enriquecendo notablemente a percepción global ou de conxunto (relacionando as partes que compoñen unha imaxe global) e desenrolando unha maior atención cara os detalles. As artes desenrolan a nosa forma de percibir e permítenos apreciar o que previamente resultaba insignificante. (Eisner, 1995)

- Intelixencia espacial

Está implicada na concepción, percepción, cambio e transformación de figuras no espazo, así como nas súas representacións: planos, mapas, debuxos, fotografías, esquemas, modelos, maquetas.

A través da práctica artística trabállase esta intelixencia espacial cando por exemplo temos que representar espazos volumes e profundidades alí onde só hai dúas dimensións, imaxinar un mesmo obxecto dende diferentes puntos de vista ou suxerir distancias entre planos mediante o uso da cor.

- Capacidade de expresión e comunicación

As artes permiten ó neno expresar as súas propias ideas, sentimentos, xuízos... Na Educación Primaria poténciase moito a lectura e a escritura pero non se fomenta o uso das artes como linguaxe. O debuxo, a danza, a música... poden servir ó neno que aínda non domina correctamente a linguaxe escrita para expresar aquilo que sente e que para el é importante.

A expresión artística, segundo Eisner (2004) permítenos examinar con moito máis detalle as nosas propias ideas. A expresión a través do arte pódenos axudar a auto coñecernos a nós mesmos. Moitas veces utilizouse incluso cun fin terapéutico, porque ó ser unha “linguaxe do pensamento” permítelles os nenos e as nenas mostrar o que realmente pensa e en ocasións, pódese descubrir ou detectar diversos problemas familiares e persoais a través dos debuxos do alumnado.

As artes refinan os nosos sentidos para que a nosa capacidade de experimentar o mundo sexa máis complexa e sutil, estimula o uso da nosa imaxinación para que poidamos imaxinar o que realmente non podemos ver, saborear, tocar, oír ou cheirar; ofrécenos modelos para que poidamos experimentar o mundo de novas maneiras; e proporcionanos materiais e ocasións para aprender a abordar problemas que dependen de formas de pensamentos relacionados coas artes.

3.2.2. A importancia do imaxinario.

Que é o imaxinario? Explicado dunha forma moi cotiá viría a ser o conxunto de imaxes que temos na mente de algo. O imaxinario fórmase a partir de perspectivas subxectivas da contorna. Estas percepcións e suxestións que aplicamos no noso quefacer cotián, compoñen un sistema de impresións e ideas que xeralmente van asociadas a imaxes do noso redor.

O imaxinario é unha forza social modeladora da nosa maneira de ver o mundo e por conseguinte das nosas accións e actos. As imaxes son o substrato sobre o cal se basea o imaxinario, e ao estar o presente inundado de produtos visuais aféctanos seriamente nas vivencias diarias.

Existe un imaxinario instituído en cada un de nós que devén da tradición cultural e da experiencia de vida de cada un. É importante que nós como futuras mestras e mestres xogamos con estes imaxinarios na aula. Partindo do imaxinario dos nenos, mediante a análise de diferentes imaxes, debemos facer aos nosos nenos e nenas reflexionar, debater e rebater acerca do que ven, porqué o ven así e que outras formas de observalo podería haber para poder así descodificar, reinterpretar e se é posible transformar ou investir o seu imaxinario inicial, eliminando estereotipos, clichés e prexuízos neste proceso.

4. ANÁLISE DA MIÑA PROPIA EXPERIENCIA

A continuación vou facer unha análise dunha proposta que levei a cabo durante un dos meus períodos de prácticas no colexio Amor Ruibal, para o que máis adiante propoño e desenvolvo unha proposta de transformación do seu patio. Fago esta análise porque creo que é importante facer unha reflexión sobre a propia experiencia para poder ir máis alá no futuro, pois é nas zonas indeterminadas da práctica onde debemos poñer o noso foco de atención e detectar erros e carencias que no momento do deseño e realización quizais non somos capaces de identificar. Paréceme moi importante e necesario facer este exercicio de autocrítica da experiencia xa vivida porque achega observacións e novos coñecementos que serán interesantes a ter en conta despois para o proxecto do patio.

“Reflexionar sobre la práctica es un modo de evitar las consecuencias negativas que podría tener la <profesionalización>, el saber hacer que se adquiere mediante la práctica repetida y que puede conducir a la estrechez de miras, la rutina, la repetición y el aburrimiento, desembocando en un sobre aprender. Reflexionar sobre la práctica desde la propia práctica supone la oportunidad de pensar en lo que hacemos de forma crítica, experimentar y, en definitiva, significa la posibilidad de transformar aquello que hacemos, pues nuestra reflexión en la acción pasada puede modelar indirectamente nuestra acción futura”. (Amengual Quevedo, 2015, p.14)

A experiencia está máis no lado da vivencia, da receptividade, do que chega de imprevisto e como novidade que na acción de propoñer. Por todo isto e baseándome na clasificación dos modelos de educación artística propostos por Imanol Aguirre, dispóñome a analizar a miña seguinte experiencia.

- ART-EMOCIONARIO

Esta práctica foi unha actividade proposta para primeiro de primaria e levada a cabo co alumnado do colexio Amor Ruibal en Barro, Pontevedra.

A idea do traballo era baseándome nas ideas de proxecto de “filosofía para nenos” que busca que os nenos aprendan a pensar por si mesmos traballando o seu pensamento crítico a partir de diferentes contos adecuados ó seu nivel educativo, traballar neste caso outros dous tipos de pensamento, o creativo e ético a través da análise de diferentes obras pictóricas de varios artistas.

- Realización da proposta:

Para a posta en acción decidín escoller para traballar na aula oito emocións (amor, odio, tristeza, alegría, rabia, medo, asombro e vergoña).

Unha primeira sesión dedicouse a que eles expresasen o que entendían por estas 8 emocións para ver do que se partía e completar aquilo que fixese falta. Unha segunda sesión foi destinada a recrear un pequeno museo na aula con cadros que eu previamente escollera (no que procurei que estivesen representados diferentes artistas de cada época e estilo e tamén que representasen algunha das emocións que quería traballar con eles) e na que eles deberían ir indicando que sentimento lles transmitía cada un deles.



Figura 1. Museo na aula. Elaboración propia.

Na terceira sesión cada un deles escolleu un cadro e fixo a súa propia representación del, tratei de que cada un utilizase diferentes técnicas e materiais ofrecéndolles diferentes opcións (colaxe, esgrafiado, témperas, ceras brandas e duras, empregando só tonalidades frías...) e xa para rematar unha cuarta sesión dedicouse a que con todo o traballado anteriormente, eles sós, na parte de atrás do debuxo escribisen finalmente aquela emoción que lles producía o seu cadro e que era o que esa emoción producía neles.



Figura 2. Reproducción dos cadros. Elaboración propia.



Figura 3. Reproducción dos cadros. Elaboración propia.



Figura 4. Reprodución dos cadros. Elaboración propia.



Figura 5. Reprodución dos cadros. Elaboración propia.

- Análise da proposta:

En canto á proposta exposta debo dicir que os tempos reais non se corresponderon cos expostos nun principio, por exemplo a primeira sesión resultou longa para os nenos e a terceira houbo que aumentala porque resultaba escasa.

Con respecto a implicación dos rapaces o certo é que foi un éxito dunha forma case unánime, ningún se quedou descolgado e todos deron o mellor de si mesmos pero nisto penso que influíu moito que eran un grupo de rapaces e rapazas que aínda que non sempre, acostumaban a traballar en grupos varios días á semana e que polo tanto sabían traballar de forma cooperativa, respectando as quendas de palabra e sabendo poñerse de acordo entre todos á hora de tomar decisións en grupo.

Dende o centro seguíase un traballo por proxectos común en todos os ciclos e cursos, no que se trataba de dar todos os contidos e materias relacionándoos cun mesmo tema (levaban xa uns cantos anos traballando de esta maneira) e ó finalizar o curso, o alumnado dunhas clases realizaba explicacións resumidas do traballo que fixeran ó longo do ano ós das outras clases e viceversa, explicándose así o traballado realizado unhas partes ás outras. Desta forma chegaban mellor a todo o alumnado e ó realizar as explicacións entre iguais aprendían dunha forma cooperativa na que ían eliminando medos e inseguridades nas exposicións orais durante o proceso, ademais de crear un bo clima de convivencia escolar no centro entre toda a comunidade educativa. A metodoloxía levada a cabo na aula e o clima de traballo que hai nesta, determina moito e condiciona os resultados obtidos nas actividades.

Respecto a parte do traballo dedicada as emocións, creo que foi a parte máis importante da proposta, pois ó involucrarse moito os nenos durante as sesións saíu información moi interesante que pode dar moito xogo para un traballo posterior e que se pode traballar de diversas formas. Unha delas por exemplo podería ser para eliminación de ideas

preconcebidas e clichés sobre os sentimentos e roles asociados a cada xénero, outro aspecto que se podería traballar tamén sería a tolerancia e a empatía nos nenos dende pequenos, xa que para os diferentes sentimentos, saíron reaccións moi diferentes a cada un, deixáronse ver medos e saíron á luz tamén sentimentos moi positivos e bos de amizade e de amor cara a familia e os amigos.

Por outra banda como puntos a mellorar, na segunda sesión (na recreación do museo na aula) ademais do traballo de observación e análise dos cadros creo que se podería incluír unha investigación guiada por equipos dos diferentes autores, da súa biografía e obra que non só lles axudaría a comprender mellor os cadros senón que tamén a desenvolver outras habilidades durante o proceso.

Por iso a segunda vez que realicei esta actividade co alumnado de segundo curso do colexio Pepa Colomer no Prat de Llobregat, en Barcelona, incluín este apartado na realización da proposta. Os nenos traballaban por grupos e cada equipo centrábase nun artista do que despois facían un mural para mostrarllo e explicarllo ó resto.



Figura 6. Realización mural. Elaboración propia.

Debían facer unha síntese e selección da información que se lles ofrecía, polo que previamente realicei unha exposición acompañada dun *power point* cunhas nocións básicas para que tivesen por onde guiarse e despois leveilles varios libros de cada un dos autores adecuados ó seu nivel (que collera con anterioridade na biblioteca pública de Barcelona) e por último para completar a

súa investigación tamén fomos un día a aula de informática para que buscasen nos ordenadores. A parte de aprender coñecementos de historia durante a recollida de información tamén tiveron que empregar coñecementos matemáticos de distribución e cálculo para que lles entrase todo no papel e practicaron a lingua escrita e oral durante a elaboración e exposición do mural.

Un aspecto negativo que detectei despois de realizar ambas actividades foi a simplificación que facía eu da educación artística ó reducir as artes só a pintura, pois tanto na primeira coma na segunda realización da actividade o análise era só sobre cadros, non introducín máis formatos nin tipos de imaxe perpetuando ou



Figura 7. Exposición do mural. Elaboración propia.

creando posibles prexuízos no imaxinario dos alumnado no que asociasen a educación artística só a pintura.

Outro aspecto que non tiven en conta no momento foi que durante a actividade traballáronse aspectos do modelo logocentrista ás veces e do expresionista outras pero non incluíu o terceiro modelo, o filolingüístico, facendo por exemplo despois que o alumnado producise as súas propias imaxes sobre os seus sentimentos, en lugar de facer unha copia da obra que máis lles gustase e que penso que podería dar resultados máis creativos e persoais.

- Conclusións que extraio desta experiencia para o proxecto do patio.

Tralo análise desta experiencia no colexio, saco en limpo as seguintes cuestións en relación coa proposta para o proxecto de transformación do patio:

Ó **traballar en grupos** dunha forma participativa e colaborativa, o alumnado goza moito máis durante o proceso e móstrase máis interesado e implicado e ademais enriquecese o resultado final ó contar cos diferentes puntos de vista de cada un e cada unha e se este traballo en grupo na clase o extrapolamos ó patio, este espazo ó ser máis grande e de todos permítenos incluír a toda a comunidade educativa no proceso: alumnado, profesorado e as familias e ó traballar con tantos puntos de vista e imaxinarios distintos penso que os resultados veranse enriquecidos moi notoriamente tamén, grazas a colaboración de todos e onde ademais melloraría o clima e as relacións entres os membros do colexio.

En cánto ó tema das **emocións** puiden ver o inmenso abano de posibilidades que ofrecen para traballar co alumnado, así e como a importancia que teñen para que os nenos e as nenas aprendan a expresarse e ver outras narrativas diferentes as súas e a necesidade de facer un traballo de coeducación a raíz delas, non só a partir dos seus sentimentos, senón das relacións entre eles e elas e das súas formas de relacionarse cos e nos espazos na procura dunha educación máis igualitaria para todos e todas, onde se comprobará que o espazo educa e que o espazo é emocional.

Por outra lado e un pouco como metáfora, penso que o patio podería vir sendo ese museo da aula e os propios espazos do patio, as obras a observar e analizar por parte dos e das participantes. Ó igual ocorría co alumnado do segundo colexio, de que ó traballar previamente a vida e o contexto dos e das artistas entendían moito mellor despois as súas obras, penso que facer primeiro un recoñecemento dos espazos e unha análise do contexto do colexio, permitirá ás persoas captar mellor as posibilidades e as adaptacións deses espazos.

Abstraio tamén desta experiencia que é importante facer explicacións cada un e cada unha ó grupo e cada grupo ó resto para que todo o mundo se sinta integrado e sexa participe da mesma forma no proxecto.

E xa como última conclusión, considero que o ter traballado con diversos artistas na aula, amplía o noso imaxinario e permítenos acceder a outras narrativas nas que quizais antes non reparábamos e que á hora de levar o proxecto do patio á acción, ó ter traballado a estes artistas terán máis ideas das que terían de non haber sido así, pois cantos máis referentes temos maior é a nosa fonte de inspiración.

5. EXPERIENCIAS DE REFERENCIA

A OEI (Organización dos Estados Iberoamericanos para a Educación a Ciencia e a Cultura) está convencida de que o aprendizaxe e a experiencia do arte nas escolas e fora delas constitúe unha das estratexias máis poderosas para a construción da **ciudadanía**. Nesta liña da importancia do papel da arte na creación de cidadanía van as dúas experiencias que tomo como referencia para o deseño da miña proposta educativa sobre a transformación do espazo, concretamente do patio da escola, da que falarei no seguinte punto.

Aínda que cada vez son máis as persoas que traballan dende diferentes institucións e colectivos nesta idea de educación artística, as experiencias que seleccionei como base para o meu traballo e que resumirei a continuación son: a cidade dos nenos de Tonucci e o proxecto “Cartografiem-nos” do museo Es Baludard, xa que ambas propostas teñen en común algúns puntos que considero claves para o desenvolvemento da miña proposta que son os seguintes: procurar desenvolver a autonomía da rapazada facéndoa partícipe e protagonista do seu propio aprendizaxe mediante o xogo e a análise do seu contexto e procurar que os nenos se integren na toma de decisións da súa comunidade, fomentando a creación de relacións coas demais persoas durante o proceso.

Tratando de seguir nesta liña de traballo, a continuación expoño algunhas das ideas recollidas no documento *Metas educativas 2021* publicado pola OEI:

“Las artes se han transformado en el tiempo para redefinir sus vínculos con las organizaciones sociales, manteniendo siempre abierto el debate de su relación con la realidad y reelaborando sus propios códigos de representación.” (Abad, 2009, p.17)

Especialmente na súa dimensión social , as artes son implementadas como mediadoras de participación cidadá en diferentes proxectos que promoven a creación de redes de apoio

para reforzar o sentido de pertenza a unha comunidade e reaxustar os sistemas de relacións vitais a nivel familiar, social e de grupo. As intervencións urbanas buscan confrontar e cuestionar a relación do cidadán co entorno.

A concepción das artes como experiencia utiliza os lugares (reais e imaxinarios) como soporte para creacións colectivas que involucran os cidadáns, impulsando a documentación destes procesos e a apropiación crítica e creativa.

“En el arte los espacios públicos se escenifican en las ciudades como un ámbito para el conflicto y su papel reside más en servir como vehículo para la visibilización de discursos no usuales y de nuevas expresiones culturales asociadas a lo urbano. Estas propuestas también incluyen el arte en red y el arte colaborativo en el contexto de las relaciones cotidianas y pretenden suscitar el debate respecto al futuro de las ciudades como catalizadoras de vida, participación y compromiso comunitario, y consecuentemente para decidir el lugar que los ciudadanos deben o quieren ocupar en ellas (quizá porque lo “público” no siempre significa que es bueno para todos en una sociedad cada vez más privatizada y exclusiva). **La gestión participativa de los espacios de ciudadanía que se resignifican a través de las artes pueden ser la evidencia más notable de un desarrollo humano que se fundamente en un relato compartido que describe nuestras maneras de relacionarnos, organizarnos, entendernos y representarnos**”. (Abad, 2009, p.19)

As artes son favorecedoras de dinámicas de integración escolar, social e cultural mediante propostas relacionadas co fomento de actitudes para a tolerancia, a solidariedade e a convivencia creativa que promovan unha conciencia crítica fronte ós mecanismos de exclusión social, e converterse, á larga, nun proceso consciente de crecemento individual e colectivo.

5.1. A cidade dos nenos

O pensador, psicopedagogo e debuxante italiano Francesco Tonucci coñecido polo pseudónimo de “Frato” dedicou a súa investigación ó comportamento e pensamento dos nenos e nenas nos ámbitos familiares, escolares e cidadáns. O seu obxectivo principal é entender ós cativos dende os seus propios puntos de vista, esquecendo o establecido polos adultos.

Reivindica tamén o seu dereito ó tempo libre, sen o control dun maior, para que poidan desenvolver a súa autonomía e vivir as súas propias experiencias. Incide moito na importancia do xogo para un bo desenrolo das crianzas e considera que o problema que nos

atopamos é que este concepto é menosprezado polos adultos, que non lle dan a importancia que ten e debido a esta concepción errónea deles os nenos teñen menos tempo para o seu lecer.

Outra idea que defende é que na escola é mais importante centrarse no que o neno sabe facer en vez do que non son capaces de levar a cabo, xa que si se traballa a partir dos seus coñecementos conseguírase fomentar a súa autoestima e motivación persoal.

Sinala que a pesar de que hai moitos espazos destinados para os nenos, poucos están pensados para eles senón para o adulto. Non se lle pregunta ós pequenos como lles gustaría que fose ese espazo, que lles gustaría que tivese, onde lles gustaría que estivese...

O libro "*A cidade dos nenos*" fálanos do papel que xogan os nenos no ecosistema urbano. A partir das ideas do seu libro, Tonucci, xunto co alcalde de Pontevedra Miguel Anxo Fernández Lores dende o ano 1997 (ata a actualidade) levan a cabo o deseño do proxecto urbanístico desta cidade. En Pontevedra ir andando sen a supervisión adulta ao colexio é totalmente viable xa que máis dun 30% do centro urbano da localidade é peonil e os tramos con coches non só restrinxen a súa velocidade a 30 km/h senón que obrigan aos vehículos a verse as caras con badenes que se intercalan cada 10 metros.

As propostas principais de Tonucci para Pontevedra eran dúas: que os nenos puidesen ir sós ó colexio e que as peticións dos nenos fosen escoitadas para a mellora da cidade, pois defende que unha cidade cos nenos na rúa é unha cidade máis segura para todos. Nesta iniciativa veciños e comerciantes axudan tamén nos percorridos á escola dos rapaces, facendo entre todos un traballo colectivo e creando redes de colaboración. Os nenos participan nas decisións a partir do consello dos nenos, un consello formado por eles, onde poñen en marcha propostas para cambiar a cidade, convocan ós alcaldes e teñen voz no concello. Tonucci reivindica constantemente a necesidade da autonomía nos nenos e nenas para o seu bo desenvolvemento.

5.2. Cartografiem-nos

Esta segunda experiencia é unha proposta do Departamento de Educación do Museo Es Baluard de Palma de Mallorca e que foi recoñecida pola Cátedra UNESCO de Políticas Culturais e Cooperación da Universidade de Girona como un dos programas educativos máis innovadores do Estado.

Cartografiem-nos é un exemplo de como se pode traballar dende o centro de arte e o centro educativo dunha forma participativa e activa dende ambas partes realizando un traballo transversal e interdisciplinario efectivo.

O proxecto iníciase cunha análise e investigación do territorio onde se sitúa o centro educativo, é dicir o contexto dos estudantes, a través da práctica artística contemporánea. As cartografías constrúense a partir de análises exhaustivos do entorno, non só se ten en conta o territorio senón que tamén se teñen en conta as persoas que o habitan.

Realízase dende o ano 2006 e cada ano participa un centro educativo distinto, inicialmente só participaba un ciclo e na actualidade xa se propón como proxecto de centro e a súa duración é a dun curso escolar.

De todas as fases que se realizan durante o proceso saen dúas exposicións: unha no barrio e outra no museo.

“La primera responde a nuestro interés por actuar desde las tesis de la pedagogía crítica, que aboga por la participación ciudadana y la construcción de sujetos políticos mediante el desarrollo de prácticas en las que se elabore un lenguaje de posibilidad. Esta parte del cuestionamiento crítico de los discursos y relaciones de poder que operan y nos sitúan en la sociedad, a la vez que es capaz de imaginar lo que aún no se da, y trata de encontrar estrategias de resistencia y reivindicación (Giroux, 2003).” (Amengual Quevedo, 2015, p.49)

Unha das educadoras do Museo Es Baluard e a autora do libro *A ras del suelo*, Irene Amengual (2016), expón que o proxecto procura unha educación artística non encamiñada en aprender sobre arte ou en facer arte senón unha educación artística encamiñada a tratar problemas e situacións que son significativas e que son de importancia para os estudantes, traballando en rede cos diferentes axentes sociais. É un proxecto a longo prazo, no que se reflexiona sobre a práctica dende a práctica, con procesos abertos que van dende a incerteza, no que os docentes poidan explorar e onde se vincula teoría e práctica. Algo totalmente imprescindible isto último ó meu modo de ver, pois é moi frecuente que no tocante a estes dous puntos a teoría vaia por un lado (e máis avanzada) e a práctica por outro e é necesario que ambos vaian da man, de forma simultánea e na mesma dirección, que a práctica sexa coherente co discurso e viceversa.

E por último, a autora comenta tamén a importancia neste proxecto de evitar os antagonismos, as discrepancias e buscar o consenso pero considerando tamén a necesidade e a importancia do conflito.

Importancia do conflito; entendo este concepto como un proceso natural, necesario e potencialmente positivo, pois a clave do conflito non está na súa eliminación, senón na súa regulación e resolución de forma xusta e non violenta (Jares, 2012).

6. PROPOSTA

Tratando de facer unha lectura global do traballo, a proposta que eu suxiro, e na que procuro recoller e integrar todos aqueles conceptos que fun desenrolando nos anteriores puntos é a seguinte: *Un proxecto de **transformación dun espazo, de forma colaborativa a través da Educación Artística. Pensada para o patio escolar do colexio Amor Ruibal en Barro (Pontevedra).***

6.1. Xustificación da proposta

A continuación tratarei de afondar no porqué desta proposta analizando as catro ideas claves deste proxecto: Por qué a transformación dun espazo? Por que de forma colaborativa? Por que a través da Educación Artística? E para rematar, por que precisamente o patio escolar?

6.1.1. A importancia do espazo como axente educador

A Pedagogía dos espazos como orientación educativa xurde da idea de que non podemos concibir a educación á marxe do espazo no que está comprendida. Temos a necesidade de concibir o espazo non só como ámbito no que suceden os procesos senón tamén o sitio, contexto ou lugar no que as persoas desenvólvense e realízanse como persoas. Por esta razón non podemos seguir pensando que os espazos participan no proceso de configuración das identidades das persoas sen revisar e reconstruír o potencial educativo do que dispoñen. (Muñoz Rodríguez, 2009).

Xa o pedagogo italiano Magaluzzi consideraba o ambiente que rodea ó alumnado o seu terceiro mestre e reclamaba a importancia de que os nenos se sentisen cómodos nun clima de calma e serenidade para poder aprender, pois os espazos onde se levan a cabo as experiencias educativas deben ser lugares pensados para poder construír comunidade neles.

Por outra banda, a necesidade de mellorar a calidade estética do entorno escolar debería ser unha prioridade das reformas educativas para contribuír a xerar unha atmosfera máis adecuada que favoreza os procesos de ensinanza e aprendizaxe do alumnado.

[...] mantener y conservar la infraestructura destinada a la enseñanza, optimizar la distribución e iluminación de los espacios educativos, cuidar la selección de colores, la elección de imágenes desplegadas en los muros, el tipo de mobiliario, los materiales didácticos, los objetos que rodean el ambiente, las áreas verdes, la higiene y la dimensión sonora, entre otros aspectos, son acciones que podrían contribuir al desarrollo cultural y el bienestar social del país. Dicho en otras palabras, si los espacios educativos fueran estéticamente más dignos e interesantes, la experiencia cotidiana de millones de estudiantes -que deben permanecer extensas jornadas escolares en los establecimientos- tendría mayor sentido y brindaría más oportunidades para el desarrollo de la sensibilidad y de diversos modos de cognición (Errázuriz-Larraín, 2015, p.82).

Non se trata só de facer unha remodelación cada certo tempo dos espazos da escola, repintando os muros e paredes, colocando mobles novos ou cambiando pezas en desuso ou rotas (que tamén é importante) senón de ir máis alá, de reflexionar acerca de qué valores se queren comunicar a través do entorno e que se quere que os nenos experimenten nese espazo e tratar de contribuír a un maior desenrolo persoal, social e cultural dos nenos e das nenas.

Ó longo dos anos o modelo educativo foi cambiando e xunto a el, xorde a necesidade de adaptar tamén os espazos ás novas demandas sociais. Os espazos físicos do colexio; empezado pola súa propia fachada, o patio, as aulas os corredores... apenas se modificaron dende que os nosos pais foron á escola ata nós e é imprescindible poñer solución a isto.

A estética cotiá tamén “educa” e determina a imaxe que construímos e proxectamos da institución escolar, transformándose nun referente de representación e configuración da súa propia identidade. O deseño do espazo físico pode acoller ou dificultar os encontros, a comunicación e os vínculos, así e como a disposición das estruturas, obxectos e actividades poden favorecer ou dificultar a toma de decisións, a resolución de problemas e o descubrimento. (Errázuriz 2015).

6.1.2. A pedagogía comunitaria e a arte participativa

Esta pedagogía ten como elementos de análise e de intervención o territorio e o espazo no que conviven as comunidades. A través da pedagogía comunitaria e da arte participativa, a xente non só modifica o seu entorno senón a maneira de relacionarse con el, modificando o espazo público ou facendo algo vinculado a ese lugar.

A arte comunitaria é un camiño que nos axuda a entender a realidade pero tamén é unha ferramenta para transformala. Debemos crear espazos para reflexionar, dialogar e convivir a través da cultura, con procesos que favorezan a colaboración e a inclusión de todos, respectuosos coa diversidade e abertos a aprender a aprender e escoitar á sociedade. O arte e a cultura contribúen á cohesión e a inclusión sociais, axúdannos a construír pontes e a comprender e a poñer en valor a diversidade que nos rodea.

A ensinanza do arte coordinada coa educación cívica busca o desenrolo de prácticas baseadas na tolerancia e o respecto cara outras persoas e outras culturas, na cooperación e solidariedade.

“La sensibilización sobre la importancia de la forma, además del contenido, en las artes impregna no sólo las relaciones humanas, sino también la relación con el entorno. Así, la enseñanza del arte se extiende más allá del individuo y del aula para impactar en el ambiente, especialmente en los espacios públicos.” (Rodríguez, 2009, p.29).

Rodríguez (2009, p.29) afirma tamén que a pedagogía comunitaria xunto coa arte:

“(…) puede y debe fortalecer la formación cívica en los campos ético (valores, actitudes y prácticas), cognitivo (de la comunidad, la nación, la globalidad, la historia) y de las competencias ciudadanas (manejo pacífico de conflictos, diálogo y deliberación, participación-representación). El arte permite acompañar y fortalecer una ciudadanía y una democracia ampliada, que se acerque cada vez más a los ideales de ambas.”

6.1.3. A arte, ponte de unión nos proxectos entre persoas.

Como se recolle no documento *Metas educativas para o 2021*; a educación artística convértese, nun campo de reflexión e práctica educativa emerxente ante o cada vez maior recoñecemento de que sen o arte é difícil ensanchar a comprensión e a construción do mundo, e de que asumido como experiencia e práctica transformadora, permite ás persoas cambiar o seu entorno individual, social e comunitario a partir de explorar e asumir diversas prácticas éticas e estéticas.

A arte non é só un proceso e produción, é un estado de encontro para falar, onde unha como educadora debe ser creadora de circunstancias e facilitar que sucedan cousas.

A educación artística entendida non para saber arte, senón como un ámbito de experiencia humana que pode enriquecer e formar ós individuos. É importante usar as artes ou a cultura

visual como a materia e a oportunidade dende a que impulsar procesos de: subxetivación, empoderamento creativo e emancipación. Usar a arte como detonante da transformación persoal; habilitar a capacidade de xerar un cambio de mirada que leve a considerar o mundo como algo a construír e inventar novas formas de estar no mundo. (Imanol Aguirre, 2016)

Identifícase tamén unha función contemporánea das artes basicamente integradora e relacional, que pretende conectar con todos os substratos da realidade que compartimos. Para o desenrolo desta función social das artes como xeradora de cambio, a educación artística pode e debe ofrecer ámbitos de exploración, reflexión e compromiso, de maneira individual e colectiva, que se proxectan na procura dunha maior calidade na relación entre a arte e a vida. (Abad, 2009)

“La función de las artes a través de la historia cultural humana fue y continúa siendo una tarea de ‘construcción de la realidad’. Las diferentes artes construyen representaciones del mundo [...] que pueden inspirar a los seres humanos para comprender mejor el presente y crear alternativas de futuro. Las construcciones sociales que encontramos en las artes contienen representaciones de estas realidades sociales que contribuyen a la comprensión del paisaje social y cultural en el que habita cada individuo” (Efland, 2004, p.209)

Elliot Eisner (1994) afirma que as artes teñen como función recordarnos que a apertura individual a unha conciencia común produce unha recompensa cualitativa de humanidade. É dicir, a función das artes en cada contexto sería a “apropiación” dos hábitos de percepción e de comportamento para transformalos en posibilidades e opcións de vida.

A educación artística coma un espazo de reflexión que permite situar as experiencias dos propios nenos e nenas no centro mesmo do proceso educativo.

6.1.4. O patio escolar

O patio da escola é un espazo moi interesante de traballo xa que é un lugar desvinculado do currículo. É tamén un escenario de interacción ó que ten acceso o alumnado na idade escolar e un sitio de rutina diaria que complementa a súa xornada de estudos, así e como, un lugar e un momento de oportunidade para a interacción e o xogo entre eles e elas. Ten un potencial moi grande para traballar nel pola súa característica de ser un espazo non formal dentro da educación formal.

O tempo diario que se soe dedicar nos centros educativos ó recreo na etapa de educación primaria é duns trinta minutos, polo que ó longo do curso escolar o cúmulo de horas que se dedica ó patio supera ó conxunto de horas que se destinan a moitas das materias, razón

que converte a este período de tempo en moi importante no desenvolvemento da formación dos cativos e cativas.

O patio é un dos espazos e momentos nos que os alumnos interactúan cos seus compañeiros e compañeiras e constitúe unha gran oportunidade para traballar as relacións interpersoais e a cohesión do grupo. O xogo é un elemento clave para o pleno desenvolvemento do alumnado e dende un punto de vista pedagóxico, seguindo as achegas de Ortega e Lozano (1994), no xogo combínanse a actividade prazenteira xunto co desenvolvemento cognitivo, afectivo e social, xa que os alumnos expresan e intercambian emocións mutuamente traballando valores como a tolerancia, a bondade, o respecto, a comunicación e a cooperación.

O xogo é un medio de interacción natural que favorece a capacidade de empatía cara os demais, fomenta o traballo en equipo para conseguir un obxectivo común e require da participación de todos e todas. Mediante o xogo o alumnado adquire un papel fundamental no desenvolvemento da convivencia escolar, a cal constitúe unha das bases da educación inclusiva. Por todos estes motivos, concíbese o xogo como unha actividade que ademais de ter carácter espontáneo e libre, favorece o desenvolvemento madurativo e do pensamento creativo de quen o realiza.

Aínda así, a pesar da importancia que ten un lugar coma o patio e da infinidade de horas que o alumnado pasa nel como estamos a ver, os patios soen ser os espazos esquecidos dos centros escolares. Frecuentan ser moi estandarizados e iguais uns ós outros a pesar da diversidade de nenos e nenas que conviven neles, apenas teñen zonas de natureza no interior do patio (a pesar de que nas zonas que o rodean si que a hai), só hai pistas de cemento e soen ser tamén sitios moi xerarquizados nos que teñen maior prioridade uns xogos sobre outros.

“El diseño del patio escolar, al igual que otros espacios públicos de la ciudad, reproduce los roles de género y genera discriminaciones de diferentes tipos. La distribución y diseño de los patios escolares tiene una marcada jerarquía en la pista deportiva, en general ubicada en el centro, donde predominan los mayores, varones y el fútbol como actividad casi exclusiva. (...) Esta dualidad y jerarquía entre quienes juegan y no juegan al fútbol otorga privilegios y genera exclusiones.” (Ciocoleto, 2016)

Son espazos que non reflicten os desexos e as identidades do alumnado por iso hai que deseñar uns novos que promovan relacións e experiencias de calidade e que fagan visibles a importancia do xogo e da convivencia.

A normativa, do deseño dos espazos educativos dos centros escolares do patio tampouco nos da demasiada información de cómo deben ser estes espazos, só di que ten que ter 900 m², estar parcialmente cuberto e que ten que ter unha pista deportiva. (Real Decreto, 2010).

Urxe un plan de acción e mellora dos patios escolares xa que temos un modelo de escola da era da industrialización, a escola cambiou pero a arquitectura que rodea ó colexio non afronta nin da resposta ó sistema de innovación educativo.

O patio importa e débese dar o seu propio espazo, con identidade. Os patios son aulas exteriores nas que os nenos e as nenas pasan moitas horas ó día e son espazos de convivencia e socialización entre eles. As melloras no patio implican á larga unha maior saúde, desenvolvemento e aprendizaxe na infancia.

O patio da escola é o espazo máis sinxelo de cambiar porque é de todos e permite a colaboración de todos coa complexidade e riqueza que iso implica. Debemos traballar nun concepto de espazo para unha educación máis global, experimental, e vivencial con horarios flexibles e grupos heteroxéneos xa que os cambios nos espazos exteriores camiñan xunto cos cambios pedagóxicos. Concibir o aprendizaxe coma un proceso continuo tanto dentro como fora da aula, un diálogo e intercambio co mundo, lévanos a concibir o espazo da escola vinculando interior e exterior.

Son moitos os pedagogos que xa se preocuparon no pasado de cómo o espazo condiciona ó neno, algúns como Magaluzzi ou Tonucci que xa comentamos anteriormente e outros como Rosa Sensat coa primeira escola do bosque en Barcelona ou Montessori resaltando a importancia que ten a natureza no neno...

Un bo patio debería ter unha dimensión adecuada, heteroxeneidade e oportunidades de xogo, espazos de natureza, zonas para relaxarse...

“[...] Las propuestas van desde diseñar nuevas estructuras que combinan actividades de movimiento de diferentes intensidad hasta elementos menos definidos como troncos o superficies de diversos materiales y texturas, y elementos como circuitos de agua y arena que favorecen la imaginación y la experimentación. Se propone llevar las aulas al patio con espacios que permitan la lectura o el dibujo; juegos simbólicos, como cocinar, construir o hacer representaciones, así como espacios de relajación. Las construcciones de pequeñas casas, tipis, cuevas, túneles vegetales o espacios que permitan la intimidad o el escondite, son otros de los elementos propuestos para patios de primaria o infantil.” (Ciocoletto, 2016)

Na actualidade son moitos os colectivos e persoas que dende a educación e dende ámbitos diferentes a ela (arquitectos, artistas...) se están preocupando por desenvolver unha liña de traballo colaborativo coa comunidade escolar de moitos centros educativos para mellorar os patios dos colexios e dar unha maior calidade a estes espazos tan importantes na infancia. Mediante procesos máis longos ou curtos e a través de diferentes talleres ou residencias de artistas o que tratan é de transformar o espazo implicando á infancia e converténdoa na protagonista do proceso.

6.2. Caracterización do centro.

O CEIP Amor Ruibal de Barro é un centro de titularidade pública, situado en San Antoniño-Perdecanaí (aproximadamente a 12 quilómetros da capital, Pontevedra) e creado no ano 1969.

O colexio conta cunha matrícula próxima aos 262 alumnos/as e cunha cadro de persoal de 22 persoas. A pesar que dende o centro, como comentaba antes (no apartado da análise da miña experiencia), foméntase un clima de colaboración e compañeirismo traballando todo o alumnado e profesorado nun mesmo proxecto anual, o certo é que isto non se ve reflectido na hora dos usos dos espazos exteriores, xa que cada ciclo ten delimitado o seu espazo (imaxino que pola limitación do terreo que é insuficiente) evitando así as relacións entre os nenos e as nenas de diferentes idades, veciños e veciñas, familiares etc que é durante este momento do día no único que teñen a oportunidade de poder relacionarse todos e todas entre si.

O patio atópase dividido en dúas partes, unha para os alumnos de Primaria e outra para os de Infantil, e dentro da zona de Primaria hai uns límites pautados para cada grupo. Tamén contan con dúas zonas de patio cuberto, nas que fan as filas de chegada e saída pola mañá, que debido a desniveles no chan non explotan as súas posibilidades todo o que poderían. **(Anexo 1)**

Na actualidade no uso do espazo percíbese unha clara separación entre xéneros, sobre todo no patio de primaria, polo xeral os nenos ocupan os espazos centrais con xogos de balón que delimitan con porterías móbiles e as zonas do redor a este son ocupadas polas nenas con outro tipo de xogos como o salto á corda, policías e ladróns, bailes, xogos de palmas... e nos que ás veces se ven molestadas por balóns que se escapan do campo de xogo e xa para rematar, é nos espazos máis mortos e apartados, nas esquinas do patio, onde se encontra aquel alumnado que procura un espazo máis tranquilo e relaxado durante o recreo no que simplemente comer a merenda ou charlar con outros compañeiros e compañeiras. **(Anexo 2)**

6.3. O proxecto do patio.

Debido a todo exposto anteriormente e aínda que para min a proposta ideal para a transformación do patio tería que ser levada á práctica e traballada conxuntamente con toda a comunidade escolar para producir un aprendizaxe significativo e real, debido ó tempo de traballo co colexio que iso suporía (ó durar todo un curso escolar) decidín centrarme na proposta teórica do proceso. Tendo en conta: cómo sería a proposta ideal, o contexto do colexio, as relacións do centro, as limitacións do espazo, os recursos económicos... A continuación vou propoñer unha serie de cambios que procurarei que engloben un pouco todo o exposto anteriormente, tratar de mellorar a estética cotiá do entorno, introducir elementos sensoriais, aumentar as zonas de sombra (que son escasas neste patio), adaptar a accesibilidade para aqueles nenos e nenas que o requiran e en definitiva tratar de mellorar o espazo a transformar. Tratarei tamén de relacionar e integrar o entorno e a identidade da zona nas intervencións artísticas dos espazos así e como propoñer ideas que poidan crear pontes e vínculos entre o alumnado e tecer novas relacións de calidade entre toda a comunidade escolar.

Como me centro nunha proposta teórica complexa que dura todo un curso escolar xa que é preciso involucrar a toda a comunidade e iso leva tempo, non puideron levar a proposta á práctica e por iso tendo en conta outras experiencias de transformacións de patios escolares de colectivos que xa desenvolveron actividades e proxectos neste eido e que resultaron positivas para os seus participantes como; “El kartoki” de Ane Abarrategui, “Micos” de Patricia Leal, “Co- creable” do artista Lluís Sabadell ou “El nou safareig” de Carme Cols e Pitu Hernández; baseándome no seus distintos modos de traballo, tratei de buscar uns puntos en común para poder sentar unhas bases teóricas de cómo debería ser o proceso a desenvolver dun proxecto destas características non só para este centro senón para calquera.

Polo que dividirei este proxecto teórico en dúas partes: unha primeira dedicada a cómo traballar cunha comunidade educativa implicando a todo o mundo e dando especialmente voz ós nenos no procesos e unha segunda, centrada naquelas carencias que eu mesma percibín nos espazos e para as que suxiro uns determinados cambios.

Partindo das posibilidades que eu vexo e para contribuír dalgún modo á proposta dunha forma persoal, propoño unha serie de intervencións, pero non tanto como reformas formais que levar a cabo, senón máis ben como suxestións flexibles a partir das cales poder xerar debates e repensar os espazos para aprender a través deles.

6.3.1. Fases para transformar un espazo en comunidade.

Para chegar a transformar o espazo entre todos e todas é necesario levar a cabo tres fases: entender o espazo, imaxinar o espazo e transformar o espazo.

Na primeira fase analízase e obsérvase o espazo, a súa situación, as súas características físicas, os elementos que ten, a súa dimensión. Nesta fase trátase de entender as dinámicas, os usos, as relacións e as interaccións que se dan no lugar, para poder transformar o patio é necesario saber o que ocorre nel.

Son os propios nenos guiados polo mestre os que deben facer estas observacións e reflexións a través do xogo, de talleres, de entrevistas, de debates etc... Por exemplo talleres de danza onde analizar o espazo a través do corpo e do movemento ou talleres de realización de maquetas e de planos onde poder reflectir as ideas e debuxos dos rapaces e rapazas para o novo patio.

Neste punto hai que determinar un obxectivo e facer visibles os retos e problemáticas que nos atopamos e ver cales son as utopías e os desexos ós que se quere responder coa transformación.

Na segunda fase preténdese pasar das propostas individuais ás colectivas respectando todas as voces, é dicir materializar eses desexos. Aquí realízase un papel de tradución, trasladando as ideas e propostas a planos e artefactos concretos filtrando as propostas a través do papel de mediador do mestre pero son eles os que deciden. Non só se deben marcar as intervencións que se van a construír senón tamén as normas e os usos do patio que van acompañar esas intervencións.

Para a toma de decisións por parte do alumnado é necesario crear unha comisión de alumnos na que haxa unha persoa representante de cada aula que exporá as propostas do seu grupo ós demais e viceversa.

E por último, na terceira fase constrúese o acordado no proceso a través do traballo comunitario de forma colectiva entre todos e todas. Nas sesións de autoconstrución pode e debe participar toda a comunidade escolar apropiándose do espazo construíndoo pois cando constrúes algo o vínculo que se xera é diferente, se constrúes en comunidade, xeras comunidade, constrúes relacións, fas grupo e todo iso ten un impacto positivo por iso aínda que os nenos deben participar de forma máis activa é necesario tamén ter sesións coas familias e cos mestres durante o proceso e facelos partícipes tamén do proxecto, non só neste punto senón nos anteriores, consultando e tendo tamén en conta as súas opinións en todo momento nos peches de cada fase e propiciando momentos para compartir e reaxustar

as decisións tomadas. É moi importante crear un entorno de traballo adecuado e transparente durante o proceso no que se asuman compromisos, responsabilidades e riscos.

Ó traballar desta forma e incluíndo tantas miradas diferentes, analizarase a realidade doutro modo e encontraranse outro tipo de problemas e de solucións ás que doutra maneira xamais se tería acceso, tratando de buscar sempre a relación entre creación artística, deseño e participación. Nestes tipos de proxectos resulta moi interesante tamén traballar con artistas en residencia porque sempre dinamizan e achegan outros puntos de vista e outra serie de ferramentas diferentes, axudando a mellorar o diagnóstico feito e espremer máis e mellor o proceso artístico.

E xa para finalizar remarcar que comunidades mellores forman tamén mellores persoas e dan mellores resultados; integrados, centrados na xente, nos que se inclúen distintas perspectivas e nas que se fomenta a creatividade, a escoita, o respecto, o traballo en equipo, as intelixencias múltiples, os potenciais persoais, a realización persoal, (co)responsabilidades e empoderamento.

6.3.2. Suxestións de intervencións no espazo

A partires da miña propia observación e reflexión dos espazos do patio e tendo en conta as carencias e necesidades que puiden ver, propoño unha serie de reformas para aqueles espazos menos aproveitados, tratando de achegar desta forma tamén un pouco a miña mirada ó proxecto, aínda que como comentaba antes trátase máis de xerar debate sobre estes espazos e de repénsalos dende a propia práctica que de facer unha realización rigorosa destas intervencións concretas que son só algunhas das moitas posibilidades que teñen estes espazos. Nestas intervencións trato tamén de atender a criterios de coeducación e educación sostible.

Aproveitareime tamén de que o colexio está apuntado para o ano que vén no proxecto de Ludantia, a I Bienal de educación para infancia e a xuventude que se desenvolve na cidade de Pontevedra en colaboración co Concello e a Deputación, para suxerir algúns cambios na arquitectura dos espazos que doutro modo non se poderían realizar ó requirir este tipo de reformas máis complexas da colaboración co concello.

- Aula de Educación Artística

Nivelar o patio cuberto da entrada, que só se usa para as chegadas e saídas á escola e cubriilo con algún tipo de material que permita ós nenos deitarse e dispersarse polo chan sen

facerse dano e empregar este espazo semiaberto e en desuso como aula de Educación Artística.



Figura 8. *Patio cuberto da entrada*. Elaboración propia.

Así poderíanse empregar as horas á semana de estas clases non só a facer manualidades como se acostuma, senón tamén para facer outro tipo de actividades sen molestar ós demais; danza, talleres de *performance* ou de fotografía ou pintura no exterior, intervencións efémeras no espazo (aproveitando as distintas épocas do ano por exemplo coa recollida das follas das árbores en outono) etc, dándolles ós

nenos e as nenas a posibilidade de expresarse de diferentes formas e aumentando e mellorando o seu imaxinario sobre a Educación Artística, tratando ademais de fomentar a súa imaxinación e creatividade con este tipo de actividades diferentes e necesarias.

Por outra banda, ó crear un espazo único para a Educación Artística, estáselle dando de forma indirecta unha importancia determinada a esta materia, un peso simbólico que lle brinda novas oportunidades e posibilidades.

Penso ademais que adecuando correctamente este espazo pode resultar moi bo, xa que é un lugar cunhas características especiais, que xoga un pouco coa idea de interior e exterior ó estar parcialmente cuberto pero non estar pechado de todo tampouco, podería servir un pouco como metáfora do que é a Educación Artística serve para romper barreiras.



Figura 9. *Patio cuberto da entrada*. Elaboración propia.

- Bosque imaxinado

Para o outro patio cuberto proporía tamén nivelar o chan á altura das portas dos laterais para aproveitar o seu uso e facilitar a accesibilidade a el. Propoño para este espazo que comunica coa biblioteca escolar a creación dunha zona de relaxación e lectura e xogo tranquilo na hora do recreo.

Pintando as paredes e o chan entre todos e a gusto de todos, con diferentes técnicas e cores simulando un bosque xa que non contan con zonas de verde no patio de primaria dos maiores, crear un espazo de relaxación para o alumnado. Para inspirarse antes poderían facer unha investigación sobre a flora galega típica de aquí, facer unha excursión ó bosque que teñen próximo ó colexio...

Para completar este espazo faría dous bancos cómodos e dúas mesas con rodiñas cuns cantos palés (que é un material moi barato e accesible) e colocaría unhas cantas esterillas na biblioteca para que así os nenos que queiran poidan xogar a xogos de mesa, deitarse a ler un conto ou charlar simplemente no seu “bosque imaxinado”.



Figura 10. *Patio cuberto central*. Elaboración propia.

Penso que é moi importante tamén crear espazos para relaxarse no recreo, pois a miúdo os nenos e nenas que lles gusta estar tranquilos nesta hora do día, véñse obrigados a ter que estar encerrados na biblioteca ó non ter un espazo pensado para eles por iso é necesario habilitar unha zona tamén para o descanso e integrar diferentes demandas nun mesmo espazo, integrando todas as necesidades dos nenos e nenas por igual.

- Horto

O patio do colexio xa conta cun pequeno horto e cun pequeniño invernadoiro tamén pero en canto á zona do horto, no patio de infantil hai unha zona nun dos laterais de terra que non se emprega para nada actualmente e que penso que se podería utilizar para tamén como zona de plantación no patio, pois a partir nestes espazos trabállase moi ben cos pequenos conceptos relacionados cos cultivos, a vexetación e demais dunha forma lúdica e amena e que a eles e elas lles gusta moito. Son lugares nos que se une a teoría e a práctica.



Figura 11. *Horto do colexio*. Elaboración propia.



Figura 12. *Zona para plantación*. Elaboración propia.

- Sol e sombra



Figura 13. *Espazo sen sombra*. Elaboración propia.



Figura 14. *Espazo sen sombra*. Elaboración propia.

Debido a que o patio de primaria apenas conta con vexetación e espazos cubertos, nos días soleados o alumnado non ten un espazo onde poder xogar a gusto, por iso sería interesante a creación de zonas de sol e sombra con anacos de teas en desuso, cintas de cores, paraugas vellos de cores que teñamos pola casa... (sempre que se poda utiliza material reciclado mellor), para que os raios do sol non incidan directamente nos nenos e nas nenas sen ter que tapar tampouco o teito do patio para elo.

No patio de infantil tamén é necesario crear unha zona de sol e sombra para protexer e cubrir un pouco do sol ós cativos e cativas.



Figuras 15 y 16. *Intervencións do colectivo Cuarto Creciente en Ludantia (2016)*.

<http://tv.campusdomar.es/video/5846e0e11f56a8435b363253>

- Zonas sensoriais



Figura 17. *Enreixado*. Elaboración propia.



Figura 18. *Maceta*. Elaboración propia.

Esta proposta é pensada para o patio de infantil. Ó longo do patio, nun dos laterais, unha especie de reixa continua delimita o espazo. Aquí con botellas de plástico usadas podería crearse un xardín colgante como fai nunha das súas propostas para a transformación dos patios o colectivo Basurama. Se na elección das plantas escollemos aquelas que sexan aromáticas (aproveitando para facer unha investigación sobre as plantas e o seu mantemento durante o proceso) teremos un xardín colgante de diferentes aromas para gozo dos máis pequenos.



Figuras 19 e 20. Intervencións da guía do colectivo Basurama no documento "Como intervenir un patio escolar".(s.f.)

Outra proposta é na zona das árbores, tensar un par de cordas duns ós outros nas súas ramas máis altas e colgar dende estas pequenos obxectos como cunchas, pedriñas, cascabeis etc, formando unha especie de móbiles sonoros colgantes que os días que faga vento producirán diferentes sons.



Figura 21. Corda. Elarabación propia.



Figura 22. Corda entre as árbores. Elaboración propia.

- Integrar a caseta de gasolina no espazo

Esta caseta no medio e medio do patio deteriora bastante a estética do espazo e como non se pode sacar de aí a idea e decorala de forma que se integre no espazo.

Con materiais reciclados e pinturas darlle un significado en relación co entorno e modificar a súa imaxe.



Figura 23. *Lateral da caseta*. Elaboración propia.



Figura 24. *Fronte da caseta*. Elaboración propia.

Estas serían algunhas das propostas para mellorar o espazo do patio do C.E.I.P. Amor Ruibal, o ideal como comentaba antes sería traballar con ideas que xurdisen directamente dos nenos e nenas e das súas propias demandas pero cómo neste caso non é posible, estas serían algunhas das miñas ideas para mellorar os espazos do patio, tratando sempre de empregar os recursos máis económicos posibles e de non facer separacións nos espazos entre os distintos cursos e ofertar diferentes posibilidades para que todos e todas teñan o seu sitio atendendo ás diferentes necesidades que hai.

Finalmente, penso que ademais da comisión do alumnado para a toma de decisións durante o proxecto, sería bo tamén facer outras dúas comisións máis, unha para o mantemento e o bo uso do novo patio e outra encargada de documentar todo o proceso, no formato que prefiran: revista, radio, blog... E no que poderían incluír tamén entrevistas que recollasen as opinións dos e das participantes durante o proxecto, ademais poderían manter o formato despois para documentar outros temas de interese para a comunidade, tratando así de perpetuar estes novos vínculos e relacións que se pretenden acadar co proxecto e que a proposta non quede só na transformación do patio senón que se perpetúe e se instaure nos cimentos do colexio esta nova forma de concibir a aprendizaxe do alumnado dunha forma moito máis global.

6.3.3. Obxectivos

Os catro obxectivos principais que busco acadar con estas pequenas intervencións no espazo son os seguintes:

- ✚ **Promover prácticas e dinámicas relacionadas coa cohesión de grupo**, pois deste modo podemos conseguir que os alumnos se coñezan mellor e poidan establecer vínculos que reforcen o respecto e as relacións entre iguais.
- ✚ **Promover unha educación artística baseada na participación-acción, na transformación da sociedade e na sensibilidade estética**, mediante procesos e

proxectos no propio espazo educativo como espazo real e simbólico de transformación.

- ✚ **Fomentar a cidadanía como elemento de desenrolo na comunidade educativa,** proxectar a acción educativa cara un escenario de aprendizaxe e ensinanza onde o patio é o elemento común que pon en xogo intercambios comunicativos, lúdicos, etc.
- ✚ **Facer un cambio de perspectiva na organización do recreo,** cambiando os espazos e os usos de este para que así todos os nenos e nenas atopen o seu espazo e se sintan integrados na comunidade escolar do centro.
- ✚ **Promover un pensamento creativo para enfrontarse ós problemas,** aprendendo a detectar todas as posibilidades que teñen ó seu alcance ante os novos retos.

De levar á práctica esta proposta estaríanse acadando varias competencias do currículo de primaria como son: a competencia de aprender a aprender, xa que o alumnado terá que traballar de maneira individual e colectiva para conseguir un obxectivo común, aprendendo a organizar as súas tarefas e o seu tempo; a competencia social e cívica, pois terán que aprender a relacionarse entre todos e todas e a participar de maneira activa e democrática; a competencia matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía, xa que tamén necesitarán aplicar razoamentos matemáticos para resolver cuestións en infinidade de momentos ou por exemplo a competencia de iniciativa e espírito emprendedor, pois terán que empregar as súas habilidades para converter as ideas en actos a través da creatividade e asumindo riscos durante a planificación e xestión do proxecto e por último; a competencia en conciencia e expresións culturais, pois mediante a educación artística aprenderán a expresarse doutras formas durante o todo o proceso.

7. CONCLUSIÓNS

Despois de todo o exposto anteriormente, penso que algunhas das claves para motivar e mellorar a aprendizaxe dos cativos e cativas nas escola poderían ser as seguintes: Dar maior peso a metodoloxías activas e colaborativas centradas nos seus intereses coma o traballo por proxectos; adecuar o ambiente da escola para que resulte agradable e acolledor, tendo presente a importancia dun bo clima de confianza e respecto na escola; fomentar a integración de todo o alumnado por igual a través dunha forte educación cívica e en valores que faga ós rapaces máis tolerantes e responsables dos seus comportamentos; procurar en todo momento unha educación experiencial, na que teoría e práctica vaian da man e que poidan así establecer relacións entre o seu contorno e o aprendido nas distintas áreas; desenvolver unha pedagogía da pregunta, reflexión e debate na que produzan,

intercambien e contrasten mensaxes; propoñer actividades que requiran do emprego da súa creatividade e imaxinación e por último que o proceso sexa flexible en todo momento permitindo adaptarse ás necesidades e demandas que vaian xurdindo.

Trala realización do traballo conclúo recalcando a importancia e necesidade da educación artística nas escolas para o desenvolvemento integral do ser humano e para a creación de suxeitos políticos e transformadores, pois as artes contribúen a dar resposta ós retos educativos que nos presenta a sociedade actual.

A miña proposta nace da procura dunha educación aberta e integradora que nos permita desenvolver posibilidades para observar e intervir no mundo cun espírito crítico e construtivo, onde os procesos sexan máis importantes que os resultados e onde pensar e sentir estean ó mesmo nivel. Consciente das limitacións existentes, o principal obxectivo que busco con este traballo é dar un primeiro paso, unha aproximación práctica onde interrelacionar os ámbitos social, cultural, educativo e artístico.

Ó ser unha proposta específica para o patio do colexio Amor Ruibal e xa que para o ano que van participar no proxecto de Ludantia, este traballo tamén pretende ser un documento que sirva como punto de partida para eles, que lles poida facilitar o traballo e co que se procurará un feedback para que se poida desenvolver nun futuro próximo.

Finalmente a modo de síntese poño esta fotografía dun dos paneis da exposición do artista arxentino Leandro Katz no espazo da Tabacalera en Madrid, que me cadrou de visitar este ano en febreiro mentres realizaba o traballo e que creo que resume moi ben o que significou para min a elaboración deste.




Figura 25. Leandro Katz. Elaboración propia.

8. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS Y WEBGRAFÍA

- Abad, J. (2009). Usos y funciones de las artes en la educación y el desarrollo humano. In: L. Jiménez, I. Aguirre and L. Pimentel, ed., *Educación artística, cultura y ciudadanía. Metas educativas 2021*. Madrid: Organización de Estados Iberoamericanos para la Educación, la Ciencia y la Cultura.
- Aguirre, I. (2006). *Modelos formativos en educación artística. Imaginando nuevas presencias para las artes en educación*. Bogotá.
- Aguirre, I. and Amengual, I. (2016). *Prospecciones i alternatives de futur • L'educació de les Arts*. [video] Disponible en: <https://www.youtube.com/watch?v=4LaJM0IfDJc&t=655s>.
- Arias Correa, A., Arias Correa, D., Navaza Blanco, M. and Rial Fernández, M. (2009). *O traballo por proxectos en infantil, primaria e secundaria*. Xunta de Galicia.
- Amengual Quevedo, I. (2015). *A ras del suelo*. Somonte-Cenero, Gijón: Ediciones Trea.
- Candedo Gunturiz, M. (2013). *A educación: dereito ou mercadoría?*. Santiago de Compostela: Edicións LAIOVENTO.
- Cicoletto, A. (2016). *Patios coeducativos: abrir la escuela para transformar la ciudad*. [online] Disponible en: http://elpais.com/elpais/2016/06/23/seres_urbanos/1466661600_146666.html
- Consellería de cultura, educación e ordenación universitaria, (2010). *Real Decreto 132/2010*. DOG, p.24831-24840.
- Efland, A. (2004). *Arte y cognición : la integración de las artes visuales en el currículum* . Barcelona: Octaedro.
- Efland, A., Freedman, K. and Stuhr, P. (2003). *La educación en el arte posmoderno* . Barcelona: Paidós.
- Eisner, E. (1994). La función de las artes en la especie humana. *Educación*, nº 57, pp.210-216.
- Eisner, E. (1995). *Educar la visión artística*. Barcelona: Paidós.
- Eisner, E. (2004). *El arte y la creación de la mente*. Barcelona: Paidós.

- Encuentros de Educación en Arquitectura para la Infancia y la Juventud. (2017). *Encuentros de Educación en Arquitectura para la Infancia y la Juventud*. [online] Disponible en: <https://arquitecturayeduacion.wordpress.com/>
- Errázuriz-Larraín, L. (2015). Calidad estética del entorno escolar: el (f)actor invisible. *Arte, Individuo y Sociedad*, 27(1), pp.81-100.
- Freire P.(2008). *Pedagogía del oprimido*. Buenos Aires: Siglo XXI.
- Gardner, H. (1995). *Inteligencias múltiples*. Barcelona: Paidós.
- Hernández, F. (2016). *Cartografies de l'educació artística • Taula Rodona • L'educació de les Arts*. [video] Dipsonible en: <https://www.youtube.com/watch?v=w1Ny5ntBtXA&t=14s>
- Hoyuelos, A. (2013). *La estética en el pensamiento y obra pedagógica de Loris Malaguzzi* . Barcelona: Octaedro.
- Jares, X. (2012). *Educación para la paz*. Madrid: Popular.
- Jiménez, L., Aguirre, I. and Pimentel, L. (2009). *Educación artística , cultura y ciudadanía . Metas educativas 2021*. Madrid: Organización de Estados Iberoamericanos para la Educación, la Ciencia y la Cultura.
- Lipman, M., Oscayan, F. and Sharp, A. (1998). *La filosofía en el aula*. Madrid: Ediciones de la Torre.
- Machado, A. (1970). *Antología de su prosa. I. Cultura y Sociedad*. Madrid: EDICUSA
- Muñoz Rodríguez, J. (2009). Pedagogía de los espacios: a comprensión del espacio en el proceso de construcción de las identidades. *Revista Portuguesa de Pedagogia*, 43(1), pp.5-25.
- Ortega, R. and Lozano, M. (1994). Espacios de juego: la autonomía y la identidad personal en la Educación Infantil. *Aula de Innovación Educativa*, nº 52, pp.13-18.
- Rodari, G. (2010). *Gramática da fantasía*. Pontevedra: Kalandraka.
- Rodríguez, F. (2009). Construcción ciudadana y educación artística. In: L. Jiménez, I. Aguilre and L. Pimentel, ed., *Educación artística , cultura y ciudadanía . Metas educativas 2021*. Madrid: ed., Educación artística , cultura y ciudadanía . Madrid: Organización de Estados Iberoamericanos para la Educación, la Ciencia y la Cultura.


Tonucci, F. (2014). *A cidade dos nenos*. Pontevedra: Kalandraka.

Trombadori, D. and Foucault, M. (2010). *Conversaciones con Foucault*. Madrid [etc.]: Amorrortu.

9. ANEXOS

Anexo 1

Mapa dos espazos do colexio Amor Ruibal. Documento de centro.



Anexo 2

Fotografías, de elaboración propia, dos usos actuais dos espazos en función do xénero ou das preferencias para o ocio.



